

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 22**

### **CONVOCATORIA**

ORDE DO DIA para a sesión EXTRAORDINARIA que terá lugar o día 16 de NOVEMBRO de 2010, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

ÚNICO.- Moción do Grupo Socialista de apoio aos traballadores da Factoría Vulcano e á proposta do Comité de Empresa á solicitude de aval. Rex. 70/1101.

### **DECRETO DE CONVOCATORIA:**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación a solicitude dos concelleiros/as pertencentes ó Grupo municipal do partido Socialista, Sres. e Sras. López Font, Abelairas Rodríguez, Rodríguez Díaz, Díaz Vázquez, Calviño Rodríguez, Lago Rey e Rivas González, para ter lugar sesión EXTRAORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día DEZASEIS DE NOVEMBRO, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

O ALCALDE,

Vigo, 3 de novembro de 2010  
A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña.

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 23**

## **CONVOCATORIA**

ORDE DO DIA para a sesión EXTRAORDINARIA que terá lugar o día 16 de NOVEMBRO de 2010, ás NOVE TRINTA HORAS, e en todo caso ó remate do Pleno convocado para as nove horas desa mesma data, no salón de Plenos deste Concello.

ÚNICO.- Moción do Grupo Popular instando a reprobación da actitude do Goberno Central polo rexeitamento á solicitude de aval ao Estaleiro Vulcano e realizar nova solicitude de aval. Rex. 62/1101

### **DECRETO DE CONVOCATORIA:**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación a solicitude dos concelleiros/as pertencentes ó Grupo municipal do partido Popular, Sres. e Sras. Figueroa Vila, Martiño Gómez, Larriba Leira, Comesaña Abalde, Conde Gil, López-Chaves Castro e Fidalgo Iglesias, para ter lugar sesión EXTRAORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE TRINTA HORAS do día DEZASEIS DE NOVEMBRO, e en todo caso ó remate do Pleno convocado para as nove horas desa mesma data, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez

Vigo, 3 de novembro de 2010  
A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña.

## RESOLUCIÓN

A solicitude dun cuarto dos membros da Corporación, integrados no grupo político municipal do Partido Popular (rex. entrada Pleno nº 62 do 25.10.10) convocouse Pleno extraordinario para o día 16 de novembro. Así mesmo e a solicitude dun cuarto dos membros da Corporación, integrados no grupo político municipal do PSdeG-PSOE (rex. entrada Pleno nº 70 do 03.11.10) convocouse Pleno extraordinario para o día 16 de novembro.

O tema obxecto de debate en ambos Plenos, sen prexuízo das diferencias correspondentes na proposta de acordo, era a situación do Estaleiro Vulcano e o financiamento necesario para continuar co ensambladura do Buque Sísmico C/533. Realizada Xunta de Voceiros no día de hoxe, polos tres grupos políticos municipais manifestouse o acordo en deixar sen efecto a convocatoria de ambos Plenos, procedendo por unanimidade a aprobar unha declaración institucional de apoio ó Estaleiro e ós seus traballadores.

De conformidade con ditas manifestacións, pola maioría correspondente de cada un dos grupos solicitantes presentouse no Rexistro da Secretaría Xeral do Pleno desestimento da solicitude de realización de Pleno extraordinario, polo que de conformidade co disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, procede deixar sen efecto ditas convocatorias.

Polo exposto, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Deixar sen efecto a convocatoria dos Plenos Extraordinarios núms. 21 e 22, convocados por senllas resolucións de data 3 de novembro, por ter desistido do seu dereito os solicitantes.

**Segundo.-** Notificar a presente resolución ós membros da Corporación e interesados, facéndose público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

MCA/kv

Vigo, 15 de novembro de 2010

O ALCALDE-PRESIDENTE

A SECRETARIA XERAL DO PLENO

Abel Caballero Alvarez

M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña